

Anteproxecto de Orde pola que se adapta e incorpora á sede electrónica da Xunta de Galicia o procedemento administrativo de prazo aberto en materia de fundacións de interese galego suxeitas ao Protectorado da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas e, polo tanto, tamén na Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

O artigo 12 da Lei 39/2015 establece que as administracións públicas deberán garantir que as persoas interesadas poden relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, para o que porán á súa disposición as canles de acceso que sexan necesarios, así como os sistemas e aplicacións que en cada caso se determinen. Os procedementos novos estarán dispoñibles electronicamente, o que contribuirá a seguir afondando no impulso dunhas relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Xunta de Galicia e o conxunto da cidadanía.

Conforme ao artigo 14 da Lei 39/2015, a tramitación electrónica é optativa con carácter xeral para as persoas físicas nas súas relacións coas administracións públicas, puidendo elixir en todo momento se optan por comunicarse no exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non. Pola súa banda, están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria no exercicio desa actividade, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites que realicen na súa condición de empregado público. Tamén están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite nun procedemento administrativo, segundo o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, e o estudantado universitario para os trámites e actuacións que realicen motivados pola súa condición académica, e os que lles representen. Xa que logo, esta obriga alcanza ás fundacións, como organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñen afecto de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral.

De acordo co establecido no artigo 66.6 da referida Lei 39/2015, cando a Administración nun procedemento en concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio para as persoas interesadas.

A cidadanía ten que ser a primeira e principal beneficiaria do acceso electrónico e a Administración queda obrigada a transformarse nunha administración electrónica rexida polo principio de eficacia que proclama o artigo 103 da Constitución.

A Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de Galicia, o Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, e o Regulamento do rexistro de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, configuran o réxime xurídico esencial das fundacións de interese galego. En concreto, o artigo 7.2 do Regulamento do rexistro de fundacións de interese galego establece que corresponde ao departamento con competencia específica sobre a materia propia dos fins de cada fundación conforme ao disposto na correspondente orde de clasificación, a través da sección correspondente do Rexistro, a inscrición das fundacións sobre as que exerza o Protectorado e dos demais actos inscribibles.

De conformidade co Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, correspóndenlle a esta as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a coordinación do sistema universitario, e o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter cultural e educativo, entre outras.

Así pois, en cumprimento da normativa citada, o procedemento administrativo de prazo aberto en materia de fundacións de interese galego suxeitas ao Protectorado da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, estará dispoñible telematicamente.

En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. A presente orde ten por obxecto adaptar e habilitar a presentación electrónica das solicitudes de procedemento administrativo de prazo aberto dirixidas á sección do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e ao Protectorado exercido por esta consellería, código de procedemento

2. O dito procedemento habilitarase na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> e figurará na Guía de procedementos e servizos regulada pola Orde do 12 de xaneiro de 2012.

3. A regulación do dito procedemento, circunscrita ao ámbito competencial desta consellería, estará suxeita á normativa, estatal básica e autonómica que se detalla de seguinte:

- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.
- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións.
- Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego.
- Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do rexistro de fundacións de interese galego.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Artigo 2. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado que figura no anexo I desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.
- Calquera outro suxeito relacionado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa

reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 3. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa súa solicitude a documentación que requira o trámite que proceda, e que deberá indicarse no correspondente recadro do formulario, entre os seguintes documentos:

- Certificación do/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a.
- Copia autorizada e copia simple de escritura pública.
- Acta de comparecencia no Rexistro de Fundacións.
- Certificación de falecemento do Rexistro Civil.
- Certificación de extinción de personalidade xurídica do Rexistro Mercantil.
- Resolución ou certificado expedido por órgano xudicial.
- Resolución ou certificado expedido por órgano administrativo.
- Certificación ou documento privado con sinatura lexitimada notarialmente.
- Informe ou memoria xusticativos.
- Documentación contable: balance de situación; conta de resultados; memoria.
- Plan de actuación.
- Informe de auditoría.
- Libros: libro diario; libro de inventarios; libro de contas anuais; libro de actas; outro/s libro/s.
- Xustificante de pagamento de taxa.
- Copia do DNI, NIF ou NIE do solicitante.
- Documento acreditativo da representación.
- Outro/s.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente a súa achega á persoa interesada.

2. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. Se algún dos suxeitos obrigados á presentación electrónica da súa solicitude achega a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica se este é o formato obrigatorio. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 4. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa interesada.

b) NIF da entidade interesada.

c) DNI ou NIE da persoa representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio, e achegar copia daqueles documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario de solicitude. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar no formulario, en todo caso, pola notificación por estes medios, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Resolución e silencio administrativo

1. De conformidade co artigo 49 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, as autorizacións que, de acordo coa devandita lei, corresponda efectuar ao Protectorado se entenderán

concedidas se non se recibira resolución expresa no prazo dun mes, a contar desde a presentación da solicitude.

2. Os prazos empezarán a computarse o día en que a solicitude teña entrada na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Transcorridos os prazos citados sen notificación da resolución, poderá entenderse estimada a solicitude de inscrición correspondente, de conformidade co establecido no artigo 28 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 8. Taxas

A inscrición dos actos efectuarase mediante a presentación da solicitude, acompañada da documentación que corresponda aos actos suxeitos á inscrición contemplados no artigo 21 do Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e do xustificante do abono da taxa aplicable conforme ao previsto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén estarán suxeitas a taxa outras actuacións en materia de fundacións que non supoñan inscrición rexistral. As taxas están dispoñibles na páxina da Atriga:

<http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas>

Códigos correspondentes ao departamento no que se van a tramitar as solicitudes:

Consellería de: Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Código 07.

Delegación de: Servizos centrais. Código 13.

Servizo de: Secretaría. Código 01.

Códigos específicos para Fundacións: 30.46.00 Actuacións en materia de fundacións.

30.46.01 Inscrición inicial no Rexistro de Fundacións.

30.46.02 Inscrición de modificación de estatutos.

30.46.03 Inscrición de modificación do órgano de goberno (ceses, nomeamentos, substitucións, aceptacións).

30.46.04 Inscrición de delegacións de facultades, revogacións e apoderamentos.

30.46.05 Inscrición de fusión, escisión e extinción.

30.46.06 Inscrición do alleamento, o gravame e o aluguer de bens.

30.46.07 Inscrición de accións de responsabilidade contra os membros do órgano de goberno.

30.46.09 Inscrición de intervencións temporais.

30.46.10 Outros actos sometidos a inscrición.

30.46.11 Obtención de informacións ou certificacións do Rexistro.

– Primeiro folio.

– Seguintes folios (por unidade).

30.46.12 Expedición de listados de entidades inscritas.

– Primeiro folio.

– Seguintes folios (por unidade).

30.46.13 Anotacións de calquera clase nos expedientes ou subministración de datos non incluídos nos apartados anteriores.

30.46.14 Expedición de copia de estatutos.

30.46.15 Dilixenciado de libros (actas, diario, contas, etc).

Disposición adicional. Actualización do modelo normalizado

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, o modelo normalizado aplicable na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderá ser actualizado co obxecto de mantelo adaptado á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación deste modelo

adaptado ou actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará permanentemente accesible para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de 2022

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades